

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

- 4259** *Real decreto 241/2009, do 2 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 270/2000, do 25 de febreiro, polo que se determinan as condicións para o exercicio das funcións do persoal de voo das aeronaves civís, para introducir o título aeronáutico e a licenza de piloto de avión con tripulación múltiple e o requisito de competencia lingüística.*

O Real decreto 270/2000, do 25 de febreiro, polo que se determinan as condicións para o exercicio das funcións do persoal de voo das aeronaves civís, modificou o ordenamento español en materia de títulos e licenzas aeronáuticas civís co fin de facer compatible o contido da normativa española co dos requisitos conxuntos de aviación (JAR) acordados polas autoridades aeronáuticas conxuntas (JAA).

A Organización de Aviación Civil Internacional (OACI) e as JAA introduciron, mediante emenda, no anexo I do Convenio sobre aviación civil internacional e nas normas JAR FCL respectivamente, unha nova clase de licenza, a licenza de piloto con tripulación múltiple correspondente á categoría de avión e un novo requisito de competencia lingüística para o exercicio das atribucións das licenzas de piloto de avión e helicóptero, cando iso requira o emprego de comunicacións radiotelefónicas.

Ao se innovar o cadro de licenzas aeronáuticas e de requisitos previstos no Real decreto 270/2000, do 25 de febreiro, é preciso modificar esta disposición para adecuala ás mencionadas normas internacionais.

A licenza de piloto de avión con tripulación múltiple é unha licenza que permite exercer ao seu titular todas as atribucións das licenzas de piloto privado e de piloto comercial, sempre que se cumpran os requisitos inherentes a ambas as dúas, ademais de posibilitar o exercicio das atribucións da habilitación de voo instrumental en determinadas operacións e clases de avións.

O requisito de competencia lingüística, que se introduce en todas as licenzas, salvo nas de piloto de planador, de globo libre e na de mecánico de a bordo, establécese para aumentar a seguranza en operacións que requiran o uso da radiotelefonía. A capacidade para comunicarse no idioma empregado pola estación terrestre, que pode ser o do Estado ou o inglés, máis alá do uso de frases normalizadas, resulta esencial para a transmisión e o entendemento correctos das ordes ou comunicacións entre os controladores e os pilotos.

A este respecto, e como norma xeral, deberán demostrar a súa competencia lingüística en inglés os titulares dunha licenza que realicen voos internacionais. Por outra banda, a competencia lingüística en castelán permitirá aos titulares dunha licenza comunicarse coas estacións terrestres que empreguen este idioma, ben en España ou noutros países, sempre e cando se indicase esta circunstancia nas publicacións de información aeronáutica.

Este requisito exige posuír uns coñecementos e habilidades lingüísticas clasificadas de acordo coa escala de cualificación da competencia lingüística da OACI, que establece seis niveis de cualificación, dos cales o mínimo requirido para as comunicacións radiotelefónicas é o nivel operacional ou nivel 4.

Esta disposición dítase en desenvolvemento do artigo 56 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, de navegación aérea, segundo o cal a expedición de títulos aeronáuticos se fará nas condicións que se determinen regulamentariamente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de febreiro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 270/2000, do 25 de febreiro, polo que se determinan as condicións para o exercicio das funcións do persoal de voo das aeronaves civís.*

O Real decreto 270/2000, do 25 de febreiro, polo que se determinan as condicións para o exercicio das funcións do persoal de voo das aeronaves civís, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un novo parágrafo ao artigo 2, redactado nos seguintes termos:

«Nivel de competencia lingüística: anotación na licenza, de eficacia temporal ou permanente, que indica o nivel 4, 5 ou 6 de competencia lingüística nos idiomas inglés ou castelán que posúa o titular da licenza de acordo cos niveis establecidos na escala de cualificación da competencia lingüística da Organización de Aviación Civil Internacional e que lle permite exercer as atribucións da súa licenza cando deba empregar comunicacións radiotelefónicas.»

Dous. O artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 3. Títulos e licenzas aeronáuticos civís.

1. Establécense os títulos e licenzas aeronáuticos civís seguintes:

- a) Piloto privado (avión).
- b) Piloto comercial (avión).
- c) Piloto de transporte de liña aérea (avión).
- d) Piloto con tripulación múltiple (avión).
- e) Piloto privado (helicóptero).
- f) Piloto comercial (helicóptero).
- g) Piloto de transporte de liña aérea (helicóptero).
- h) Piloto de planador.
- i) Piloto de globo libre.
- j) Mecánico de a bordo.

2. Ao expedir cada unha das licenzas especificadas por primeira vez emitírase tamén o correspondente título.»

Tres. O artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 4. Requisitos.

1. Os requisitos exixidos para a obtención por primeira vez de cada unha das licenzas especificadas e dos correspondentes títulos serán os seguintes:

- a) Piloto privado (avión).

Idade mínima: dezasete anos.

Cofecementos teóricos sobre lexislación aérea, cofecemento xeral da aeronave, performance e planificación de voo, factores humanos, meteoroloxía, navegación, procedementos operacionais, principios de voo e comunicacións.

Instrución de voo e proba de pericia en voo.

Experiencia: corenta e cinco horas de voo.

Aptitude psicofísica: certificado médico de clase 1 ou de clase 2.

Nivel de competencia lingüística: a nivel 4, 5 ou 6, que reflecta a capacidade do titular para falar e entender o idioma empregado nas comunicacións radiotelefónicas.

- b) Piloto comercial (avión).

Idade mínima: dezaioito anos.

Requisitos para acceder á formación: posuír o título de bacharel, técnico superior ou equivalentes ou, alternativamente, acreditar un nivel de coñecementos teóricos suficiente para comprender adecuadamente os contidos da formación que se vai recibir.

Coñecementos teóricos sobre lexislación aérea, coñecemento xeral da aeronave, performance e planificación de voo, factores humanos, meteoroloxía, navegación, procedementos operacionais, principios de voo e comunicacións.

Instrución de voo e proba de pericia en voo.

Experiencia: cento cincuenta horas de voo, en curso integrado ou duascenas horas de voo, en curso modular.

Aptitude psicofísica: certificado médico de clase 1.

Nivel de competencia lingüística: a nivel 4, 5 ou 6, que reflecta a capacidade do titular para falar e entender o idioma empregado para as comunicacións radiotelefónicas.

c) Piloto de transporte de liña aérea (avión).

Idade mínima: vinte e un anos.

Requisitos para acceder á formación: posuír o título de bacharel, técnico superior ou equivalentes ou, alternativamente, acreditar un nivel de coñecementos teóricos suficiente para comprender adecuadamente os contidos da formación que se vai recibir.

Coñecementos teóricos sobre lexislación aérea, coñecemento xeral da aeronave, performance e planificación de voo, factores humanos, meteoroloxía, navegación, procedementos operacionais, principios de voo e comunicacións.

Habilitación de voo instrumental para avións multimotores.

Instrución en coordinación da tripulación (MCC).

Proba de pericia en voo.

Experiencia: mil cincocentas horas de voo.

Aptitude psicofísica: certificado médico de clase 1.

Nivel de competencia lingüística: a nivel 4, 5 ou 6, que reflecta a capacidade do titular para falar e entender o idioma empregado para as comunicacións radiotelefónicas.

d) Piloto con tripulación múltiple (avión).

Idade mínima: dezoito anos.

Requisitos para acceder á formación: posuír o título de bacharel, técnico superior ou equivalentes ou, alternativamente, acreditar un nivel de coñecementos teóricos suficiente para comprender adecuadamente os contidos da formación que se vai recibir.

Coñecementos teóricos sobre lexislación aérea, coñecemento xeral da aeronave, performance e planificación de voo, factores humanos, meteoroloxía, navegación, procedementos operacionais, principios de voo e comunicacións.

Habilitación de voo instrumental para avións multimotores.

Instrución en coordinación da tripulación (MCC).

Proba de pericia en voo.

Experiencia: duascenas corenta horas de voo

Aptitude psicofísica: certificado médico de clase 1.

Nivel de competencia lingüística: a nivel 4, 5 ou 6, que reflecta a capacidade do titular para falar e entender o idioma empregado para as comunicacións radiotelefónicas.

e) Piloto privado (helicóptero).

Idade mínima: dezasete anos.

Coñecementos teóricos sobre lexislación aérea, coñecemento xeral da aeronave, performance e planificación de voo, factores humanos, meteoroloxía, navegación, procedementos operacionais, principios de voo e comunicacións.

Instrución de voo e proba de pericia en voo.

Experiencia: corenta e cinco horas de voo.

Aptitude psicofísica: certificado médico de clase 2.

Nivel de competencia lingüística: a nivel 4, 5 ou 6, que reflecta a capacidade do titular para falar e entender o idioma empregado para as comunicacións radiotelefónicas.

f) Piloto comercial (helicóptero).

Idade mínima: dezoito anos.

Requisitos para acceder á formación: posuír o título de bacharel, técnico superior ou equivalentes ou, alternativamente, acreditar un nivel de coñecementos teóricos suficiente para comprender adecuadamente os contidos da formación que se vai recibir.

Coñecementos teóricos sobre lexislación aérea, coñecemento xeral da aeronave, performance e planificación de voo, factores humanos, meteoroloxía, navegación, procedementos operacionais, principios de voo e comunicacións.

Instrución de voo e proba de pericia en voo.

Experiencia: cento trinta e cinco horas, en curso integrado e cento oitenta e cinco horas, en curso modular, de voo.

Aptitude psicofísica: certificado médico de clase 1.

Nivel de competencia lingüística: a nivel 4, 5 ou 6, que reflecta a capacidade de titular para falar e entender o idioma empregado para as comunicacións radiotelefónicas.

g) Piloto de transporte de liña aérea (helicóptero).

Idade mínima: vinte e un anos.

Requisitos para acceder á formación: posuír o título de bacharel, técnico superior ou equivalentes ou, alternativamente, acreditar un nivel de coñecementos teóricos suficiente para comprender adecuadamente os contidos da formación que se vai recibir.

Coñecementos teóricos sobre lexislación aérea, coñecemento xeral da aeronave, performance e planificación de voo, factores humanos, meteoroloxía, navegación, procedementos operacionais, principios de voo e comunicacións.

Habilitación para voo instrumental (IFR).

Instrución de voo e proba de pericia en voo.

Experiencia: mil horas de voo.

Aptitude psicofísica: certificado médico de clase 1.

Nivel de competencia lingüística: a nivel 4, 5 ou 6, que reflecta a capacidade de titular para falar e entender o idioma empregado para as comunicacións radiotelefónicas.

h) Piloto de planador.

Idade mínima: dezaseis anos.

Coñecementos teóricos sobre dereito aéreo, performance e planificación de voo, coñecemento xeral das aeronaves, factores humanos, meteoroloxía, navegación, procedementos operacionais, principios de voo e comunicacións.

Instrución de voo.

Experiencia: seis horas de voo como piloto de planador.

Aptitude psicofísica: certificado médico de clase 2.

i) Piloto de globo libre.

Idade mínima: dezaseis anos.

Coñecementos teóricos sobre dereito aéreo, performance e planificación de voo, coñecemento xeral das aeronaves, factores humanos, meteoroloxía, navegación, procedementos operacionais, principios de voo e comunicacións.

Instrución de voo.

Experiencia: dezaseis horas de voo en globo libre.

Aptitude psicofísica: certificado médico de clase 2.

j) Mecánico de a bordo.

Idade mínima: dezoito anos.

Posuír os coñecementos teóricos correspondentes ao título de piloto de transporte de liña aérea.

Superar un curso de adestramento de técnico de mantemento de avións aprobado para eses efectos, ou ben estar en posesión dun título universitario de formación aeronáutica e ter unha experiencia aceptable para a Axencia Estatal de Seguranza Aérea no mantemento de avións, ou ben ser titular dunha licenza de técnico de mantemento de aeronaves na clase que a Axencia Estatal de Seguranza Aérea determine.

Superar un curso de familiarización de voo.

Demostrar habilidade suficiente no uso do idioma inglés.

Instrución de voo para a habilitación de tipo e proba de pericia en voo.

Experiencia: cen horas de voo baixo supervisión.

Aptitude psicofísica: certificado médico de clase 1.

2. Por orde do ministro de Fomento regularanse as condicións para verificar o cumprimento dos requisitos establecidos no punto 1 deste artigo, así como os procedementos para a expedición das licenzas iniciais e dos correspondentes títulos.»

Catro. O artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 5. Atribucións.

As atribucións dos titulares das licenzas de persoal de voo especificadas neste real decreto serán as seguintes:

a) Piloto privado (avión): actuar sen remuneración como piloto ao mando ou copiloto de calquera avión empregado en voos non remunerados, con suxeición a calquera condición que especificamente se estableza en desenvolvemento deste real decreto.

b) Piloto comercial (avión):

1.º Exercer todas as atribucións de piloto privado (avión).

2.º Actuar como piloto ao mando ou copiloto de calquera avión dedicado a operacións que non sexan de transporte aéreo comercial.

3.º Actuar como piloto ao mando en operacións de transporte aéreo comercial en calquera avión certificado para un só piloto.

4.º Actuar como copiloto en transporte aéreo comercial.

Estas atribucións poderanse exercer en todas as condicións de voo para as que se estea habilitado.

c) Piloto de transporte de liña aérea (avión):

a) Exercer todas as atribucións do titular dunha licenza de piloto privado e de piloto comercial (avión) e dunha habilitación de voo instrumental (avión).

b) Actuar como piloto ao mando ou copiloto de avións dedicados ao transporte aéreo.

d) Piloto con tripulación múltiple (avión):

1.º Exercer todas as atribucións do titular dunha licenza de piloto privado (avión), sempre e cando se cumpran os requisitos para a súa emisión.

2.º Exercer as atribucións dunha licenza de piloto comercial (avión), sempre e cando se cumpran os requisitos para a súa emisión.

3.º Exercer as atribucións dunha habilitación de voo instrumental (avión), en operacións de avións para un só piloto, sempre e cando o titular da licenza demostrase a súa habilidade para actuar como piloto ao mando en operacións cun só piloto por referencia exclusiva aos instrumentos.

4.º Exercer as atribucións dunha habilitación de voo instrumental (avión) nun avión que deberá ser operado cun copiloto.

5.º Actuar como copiloto nun avión que deberá ser operado cun copiloto.

e) Piloto privado (helicóptero): actuar sen remuneración como piloto ao mando ou copiloto de calquera helicóptero empregado en voos non remunerados, con suxeición a calquera condición que especificamente se estableza en desenvolvemento deste real decreto.

f) Piloto comercial (helicóptero):

1.º Exercer todas as atribucións de piloto privado (helicóptero).

2.º Actuar como piloto ao mando ou copiloto de calquera helicóptero dedicado a operacións que non sexan de transporte aéreo comercial.

3.º Actuar como piloto ao mando en helicópteros para un só piloto dedicados a transporte aéreo comercial.

4.º Actuar como copiloto en helicópteros dedicados ao transporte aéreo comercial e que requiran ser operados por dous pilotos.

Estas atribucións poderanse exercer en todas as condicións de voo para as que se estea habilitado.

g) Piloto de transporte de liña aérea (helicóptero):

1.º Exercer todas as atribucións do titular dunha licenza de piloto privado e de piloto comercial (helicóptero).

2.º Actuar como piloto ao mando ou copiloto en helicópteros dedicados ao transporte aéreo.

h) Piloto de planador: actuar como piloto ao mando de calquera planador, coa condición de que o titular teña experiencia operacional no método de lanzamento utilizado.

i) Piloto de globo libre: actuar como piloto ao mando de calquera globo libre sempre que teña experiencia operacional con globos libres, xa sexa de aire quente ou de gas, segundo corresponda.

j) Mecánico de a bordo: actuar como tal en calquera avión que requira ser operado por unha tripulación de voo composta por un mínimo de tres membros.»

Disposición derradeira primeira. *Aplicación efectiva deste real decreto.*

A aplicación efectiva do disposto neste real decreto sobre o título e a licenza de piloto de avión con tripulación múltiple requirirá a modificación da Orde do Ministerio de Fomento, do 21 de marzo de 2000, pola que se adoptan os requisitos conxuntos de aviación para as licenzas da tripulación de voo (JAR-FCL) relativos ás condicións para o exercicio das funcións dos pilotos dos avións civís.

O requisito de competencia lingüística só será exixible cando se aprobe a orde do ministro de Fomento que regule a avaliación do nivel de competencia lingüística.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.20ª da Constitución en materia de tránsito e transporte aéreo.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de marzo de 2009

JUAN CARLOS R.

A ministra de Fomento,
MAGDALENA ÁLVAREZ ARZA